



**OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO (OEP) 2016 DE PRAZAS ESTABLES DE
PERSONAL DOCENTE E INVESTIGADOR
(Aprobada por Acordo do Consello de Goberno do 28/06/2016)**

O artigo 36 da Lei 12/2015, do 24 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016, establece unha taxa de reposición ás universidades integrantes do Sistema universitario de Galicia de como máximo un 100 por cento ás prazas dos corpos de catedráticos de universidade e profesores titulares de universidade, respectando as disponibilidades orzamentarias do capítulo I dos correspondentes orzamentos de gastos.

Dentro do límite da taxa de reposición correspondente aos mencionados corpos de catedráticos de universidade e de profesores titulares de universidade, establecido no parágrafo anterior, cada universidade estará obrigada a destinar, como mínimo, un 15 por cento do total de prazas que oferte á contratación, como persoal laboral fixo, de persoal investigador doutor que finalizase o Programa Ramón y Cajal e obtivese o certificado I3. Das restantes prazas que oferte, cada universidade poderá destinar unha parte para o ingreso como profesor contratado doutor, nos termos previstos no artigo 52 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.

A Universidade da Coruña ven de revisar o seu cadro de persoal docente, co fin de establecer a Oferta de Emprego Público (OEP) do ano 2016.

Segundo os datos de baixas de PDI na Universidade da Coruña no ano 2015, a taxa de reposición resultante segundo o indicado anteriormente é de 13 prazas.

O Consello de Goberno da Universidade da Coruña do 28/06/2016, ven de acordar o seguinte reparto da taxa de reposición co fin solicitar a autorización preceptiva previa a publicación da OEP 2016.

Número de Prazas	Categoría
9	Contratado/a doutor/a
4	Titular de Universidade

Dúas das prazas de profesor/a contratado/a doutor/a ofertadas, resérvanse para a contratación como persoal laboral fixo de persoal investigador doutor que finalizase o Programa Ramón y Cajal e obtivese o certificado I3.

A disposición final primeira o Real decreto-lei 10/2015, de 11 de setembro, que modifica o artigo 62 da Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades, permite convocar prazas de Catedrático/a de Universidade por promoción interna sempre que non superen o número máximo de prazas que sexan obxecto de oferta de emprego público de quenda libre, en ese mesmo ano, para o acceso aos corpos docentes do artigo 56 desa mesma lei.

En aplicación do disposto no Real decreto-lei 10/2015, inclúese na OEP do ano 2016 as seguintes prazas polo procedemento de de promoción interna:

Número de Prazas	Categoría
4	Catedrático de Universidade

A Oferta de Emprego Público das mencionadas prazas non afecta ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria establecidos para a Universidade da Coruña, nin os demais límites fixados na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

O Consello de Goberno encomenda á Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente que solicite a preceptiva autorización da Consellería de Facenda ao fin de poder publicar a OEP do ano 2016 de Persoal Docente e Investigador da Universidade da Coruña e posteriormente realizar as correspondentes convocatorias.